

Nº expte.	DNI/CIF	Nome e apelidos/razón social	Causas de exclusión/desistencia
2009/000523-0	32835735S	Segade Roel, Isabel	Art. 4º 1 d) (incumprimento dos requisitos de realización de investimento ou ben de creación de emprego por conta allea)
2009/000524-0	J70191135	<i>Davinia y Lucía, S.C.</i>	Art. 4º 1 d) (incumprimento dos requisitos de realización de investimento ou ben de creación de emprego por conta allea)
2009/000525-0	34995520P	Gayoso Prieto, Beatriz	Art. 4º 1 a) (incumprimento do requisito de desemprego)
2009/000526-0	71854486W	Fernández Martínez, Mª del Carmen	Art. 10º e 16º (incumprimento do requisito de emenda e/ou achega de toda a documentación preceptiva e incompatibilidade de axudas)
2009/000527-0	J70157318	<i>Gazafello, S.C.</i>	Art. 4º 1 c) (incumprimento do requisito de alta no REA de todas as promotoras)
2009/000528-0	J70163837	<i>Asdo, S.C.</i>	Art. 10º (incumprimento do requisito de emenda e/ou achega de toda a documentación preceptiva)
2009/000530-0	B70199450	<i>Liquete y Sánchez, S.L.</i>	Art. 16º (incompatibilidade de axudas públicas)
2009/000532-0	B70203641	<i>Altema 2009, S.L.</i>	Art. 16º (incompatibilidade de axudas públicas)
2009/000533-0	32639493D	Iglesias Cordero, Dulce María	Art. 7º 2 (solicitud presentada fóra de prazo)
2009/000534-0	32842886J	Rodríguez Rey, Beatriz	Art. 7º 2 (solicitud presentada fóra de prazo)
2009/000536-0	35555095Q	Miguens Martínez, Mª Pilar	Art. 7º 2 (solicitud presentada fóra de prazo)
2009/000537-0	79336983R	Oreiro Cotelo, Silvana	Art. 7º 2 (solicitud presentada fóra de prazo)

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 19 de maio de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se nomean os tribunais cualificadores de determinadas categorías ou especialidades do proceso selectivo de persoal estatutario do organismo.

Advertido erro no anexo da dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 100, do 25 de maio de 2009, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 9.166, onde di: «-Farmacéutico/a de Atención Primaria; membros titulares; secretario: José Antonio Montaos Nieto»; debe dicir: «Membros titulares; secretaria: Mª Jesús Rúa Moure».

E onde di: «-Hematoloxía e Hemoterapia; membros titulares; secretario: José Antonio Montaos Nieto»; debe dicir: «Membros titulares; secretaria: Mª Jesús Rúa Moure».

Corrección de erros.-Resolución do 15 de xullo de 2009, da Dirección de Recursos Humanos, pola que se nomean os tribunais cualificadores de determinadas categorías do proceso selectivo de persoal estatutario do organismo.

Advertido erro no anexo da dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 145, do 27 de xullo de 2009, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 12.705, onde di: «-Enxeñeiro/a técnico/a; membros titulares; presidente: José Antonio Montaos Nieto»; debe dicir: «Membros titulares; presidenta: Mª Jesús Rúa Moure».

E na páxina 12.706, onde di: «-Mecánico/a; membros titulares; presidente: José Antonio Montaos

Nieto»; debe dicir: «Membros titulares; presidenta: Mª Jesús Rúa Moure».

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 24 de novembro de 2009 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de cinco prazas de técnico/a especialista de tecnoloxías da información e comunicacións.

De acordo co disposto na Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG do 5 de agosto) pola que se aprobou a oferta pública de emprego para o ano 2009, coa finalidade de atender as necesidades de persoal de administración e servizos desta universidade, logo de negociación cos comités de empresa do persoal laboral de administración e servizos de Ourense e Pontevedra e consonte ao previsto no II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo (DOG do 7 de xullo de 2007).

Esta reitoría, en uso das competencias que lle están atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e polos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (DOG do 5 de decembro) do Goberno da Xunta de Galicia, resolve convocar probas selectivas polo sistema de concurso-oposición para cubrir cinco prazas vacantes no seu cadro de persoal consonte as seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir mediante contrato en réxime laboral de natureza fixa, cinco prazas de técnico/a especialista de tecnoloxías da información e comunicacións, do grupo III, para ser cubertas tres polo sistema de promoción interna e dúas polo sistema de acceso xeral libre. De non cubrirse as prazas reservadas a promoción interna acumularanse ás ofrecidas polo sistema de acce-

so xeral libre. Os/as candidatos/as só poderán participar nun dos dous sistemas de acceso.

1.2. O procedemento de selección será o de concurso-oposición e constará das fases, probas e cualificacións que se especifican no anexo I.

1.3. O programa que rexerá as probas da fase de oposición é o que se relaciona no anexo II.

1.4. As presentes probas selectivas axustaranse ao disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades; nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro, do Consello da Xunta de Galicia; no II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo; na Resolución do 31 de marzo de 2009 (DOG do 7 de abril) pola que se publica o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo; na Resolución do 31 de marzo de 2009 (DOG do 7 de abril) pola que se publica o acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos desta universidade derivados dos procesos de provisión e selección; no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado; no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei da función pública de Galicia; no Decreto 95/1991, do 20 de marzo polo que se aprobou o regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e no disposto na presente convocatoria.

Segunda.-*Requisitos dos/as aspirantes.*

2.1. Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes, con independencia do sistema de acceso, deberán posuír todos os requisitos exixidos nesta base na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a sinatura do correspondente contrato.

2.2. Requisitos comúns para todos os sistemas de acceso:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado a que, en virtude dos tratados internacionais ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos establecidos pola Lei 7/2007, do 12 de abril.

Tamén poderán participar o/a cónxuxe de españois/las e de nacionais de países membros da Unión Europea ou daqueles a que lles resulte de aplicación a libre circulación de traballadores/as, en virtude dun tratado internacional suscrito pola Unión Europea e ratificado por España, sempre que non estean separados/as de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder 65 anos.

c) Estar en posesión do título de bacharelato ou equivalente; no caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Ter aboadas as taxas por dereitos de exame.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Non ter sido separado/a ou estar suspendido/a do servizo de calquera administración pública nin inhabilitado/a para o desempeño da función pública por sentenza firme. Os/as aspirantes que non teñan nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

2.3. Os/as aspirantes que concorran ás probas polo sistema de promoción interna deberán, ademais, ter a condición de persoal laboral fixo da Universidade de Vigo, estar nela prestando servizos ou en excedencia por coidado de fillo ou familiares e pertencer a unha categoría profesional distinta á da/s praza/s obxecto da presente convocatoria.

Terceira.-*Solicitudes.*

3.1. Para tomar parte nestas probas selectivas deberá presentarse unha instancia no modelo oficial que deberá ser formalizada a través da páxina electrónica, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.uvigo.es/servicios/pas/index.gl.htm> > Emprego > Convocatorias xerais > Solicitud de admisión en probas selectivas. Haberá que cubri-la seguindo as indicacións que figuran nesta mesma base, cubrindo todos os campos obrigatorios, validándoos e confirmándoos. A aplicación informática asignará a cada instancia un número de referencia identificativo único.

Unha vez cuberta a instancia, imprimíranse tres exemplares que deberán ser asinados polo/a solicitante e presentados na entidade bancaria onde se formalice o aboamento das taxas de inscrición, nos cales deberá figurar a impresión, selo ou documento xustificativo do ingreso. Un destes exemplares servirá de recibo para o/a interesado/a, outro entregárase na entidade bancaria correspondente e o terceiro deberá presentarse perante o/a reitor/a da Universidade de Vigo, consonte se regula no número seguinte.

3.2. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes presentáranse no rexistro xeral da Universidade de Vigo (edificio da Xerencia, Campus Universitario, 36310 Vigo), nos rexistros auxiliares dos Campus de Ourense (Unidade Admi-

nistrativa), Campus de Pontevedra (E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal) e Vigo (r/ Torrecedeira nº 86) ou segundo as restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes subscribas no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

Os/as aspirantes non poderán presentar máis dunha solicitude nin solicitar a súa participación nas probas selectivas, simultaneamente, en máis dun sistema de acceso. A contravención dalgunha desta normas determinará a exclusión dos/as aspirantes.

3.3. Os dereitos de exame serán de 30,41 euros e ingresaranse na conta corrente 2091 0501 64 3110000201, *Caixa Galicia*, O.P.-Vigo. Universidade de Vigo. Taxas. O pagamento realizarase directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando para iso o impreso de solicitude, ou mediante transferencia bancaria en que deberá constar obrigatoriamente o nome, apelidos e DNI ou pasaporte do/a interesado/a, o código 0709PL327 e a categoría técnico/a especialista de tecnoloxías da información e comunicacións. En ningún caso a mera presentación da solicitude e o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

A ausencia de xustificación deste ingreso dará lugar á exclusión do/a solicitante, podendo acreditar o pagamento no prazo de reclamacións e emendas contra a relación provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

3.4. Non obstante gozarán de exención ou bonificación da taxa anterior:

a) As persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, presentando coa solicitude cun ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalidez. Os/as candidatos/as por promoción interna estarán exentos/as desta acreditación se xa consta no seu expediente administrativo pola súa condición de persoal da Universidade de Vigo.

b) As persoas que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, un mes anterior á data da convocatoria e que nese prazo non rexeitasen unha oferta de emprego axeitada nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional, extremos que deberán ser certificados pola oficina dos servizos públicos de emprego. Así mesmo, deben carecer de rendas superiores en cómputo mensual ao salario mínimo interprofesional, o que se acreditará mediante declaración xurada ou promesa escrita do solicitante, para o que se poderá utilizar o modelo que figura no anexo III.

c) As familias numerosas de categoría especial. Esta condición acreditarase mediante o correspondente título actualizado.

As familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Acreditarase como no suposto anterior.

3.5. Coa instancia presentarase necesariamente, sendo motivo de exclusión a falta dalgún deles:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os/as aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de viviren a expensas ou estaren a cargo do/a nacional doutro Estado con que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separado/a de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o/a aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Xustificante de ter aboadas as taxas de inscrición dentro do prazo de presentación de solicitudes ou documentación acreditativa do dereito á exención nos termos expresados na base 3.4.

3.6. Ata a data de remate do prazo de reclamacións contra a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, pero referidos á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, poderanse acreditar os méritos alegados do seguinte xeito:

a) Os servizos prestados na Universidade de Vigo acreditaranse mediante certificación expedida de oficio polo Servizo de Persoal de Administración e Servizos.

b) A formación acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos títulos e diplomas correspondentes, ou certificación do órgano competente de estar en condicións de obtelos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Deberán indicar a duración e o programa.

c) De conformidade co establecido na base 6.5 da convocatoria, os/as aspirantes quedarán exentos da realización da proba previa de acreditación do coñecemento do castelán se coa solicitude presentan copia compulsada do diploma de español de nivel B2 (intermedio) ou C2 (superior), ou do certificado de aptitude en español para estranxeiros/as expedido polas escolas oficiais de idiomas. Noutro caso, seralles de aplicación o previsto na devandita base.

3.7. Ao cubrir a solicitude deberá indicar:

a) O sistema de ingreso polo que solicita acceder: promoción interna ou acceso xeral libre.

b) O importe das taxas de inscrición que lle correspondan, consonte o grupo en que estea incluído: bonificación, exención ou importe íntegro.

c) Se padece algunha discapacidade poderá solicitar as adaptacións de tempos e medios que conside-

ren necesarias para a realización das probas; para este fin, o ditame médico citado na base 3.4.a) deberá ser suficientemente explicativo para que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas.

d) Quen prestase servizos na Universidade de Vigo deberá facelo constar para que se emita de oficio a certificación prevista na base 3.6.a).

e) O interese en formar parte dunha listaxe de espera para futuras necesidades de contratación temporal en prazas desta categoría. De non indicalo expresamente, considerarase que non desexa figurar nela.

3.8. Os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou por pedimento do/a interesado/a. Os/as aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes, podendo unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 4.1. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningún pedimento desta natureza, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada pola universidade.

3.9. De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito imponible por causas non imputables ao suxeito pasivo, debendo o/a interesado/a solicitar a devolución e presentando os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión das probas selectivas por causa imputable ao/a interesado/a.

Cuarta.-*Admisión de aspirantes.*

4.1. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, o/a reitor/a da Universidade de Vigo ditará resolución, no prazo máximo dun mes, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, declarando aprobada a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con expresión das causas que motivaron a exclusión e o prazo de emenda dos posibles defectos, que será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución.

4.2. Os/as aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos/as na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos/as da realización das probas mediante resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e contra a cal se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo de acordo co previsto na Lei 30/1992.

4.3. En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de se produciren, para posibilitar a súa emenda en tempo e forma, os/as aspirantes comprobarán fidedignamente non só que non figuran na lis-

taxe de excluídos/as, senón que os seus nomes constan correctamente na de admitidos/as.

Quinta.-*Tribunal.*

5.1. O tribunal cualificador destas probas publicárase mediante resolución e terá a categoría terceira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

5.2. Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao/á reitor/a da universidade, cando concorran neles/as circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou se tiveren participado en tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas dentro dos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a presidente/a solicitará dos/as membros do tribunal declaración expresa de non se acharen incurso/as nas circunstancias previstas nos artigos 28 da Lei 30/1992. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os/as membros do tribunal cando concorran as circunstancias citadas.

5.3. Logo da convocatoria do/a presidente/a, constituirase o tribunal coa asistencia do/a presidente/a e o/a secretario/a ou, se for caso, de quen os/as substitúa, e a metade, polo menos, dos/das membros. Nesta sesión, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

5.4. Para os efectos de realización de sesións, deliberacións e adopcións de acordos, requirirase a asistencia dos/as membros do tribunal especificados/as no punto anterior.

5.5. O tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

5.6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas, limitándose o seu labor a prestaren colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores/as elevarase ao/á reitor/a da Universidade de Vigo e seralles de aplicación o previsto na base 5.2. Así mesmo, cando o número de aspirantes o faga conveniente, poderá solicitar do/a reitor/a a designación de persoal colaborador.

5.7. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os/as aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás do resto dos/as aspirantes. Para as persoas con discapacidades que soliciten na forma prevista na base 3.7, estableceranse as adaptacións posibles en tempo e medios. Para tal efecto, o tribunal poderá pedir xustificación documental dos/as aspirantes e os informes sanitarios ou técnicos correspondentes.

5.8. O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios escritos que non deban ser lidos sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes e excluírá aqueles/as opositores/as que consignent nas follas de exame marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

5.9. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Reitoría da Universidade de Vigo, Campus Universitario, teléfono 986 81 37 62 (Servizo de Persoal de Administración e Servizos, edificio da Xerencia).

5.10. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o concurso-oposición un número superior de aspirantes aos das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados/as que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Sexta.-*Desenvolvemento dos exercicios.*

6.1. A orde de actuación dos/as aspirantes iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra D, de conformidade coa resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 29 de xaneiro de 2009 (DOG do 4 de febreiro).

6.2. Os/As aspirantes serán convocados/as para cada exercicio nun único chamamento e decaerán no seu dereito os que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente considerados polo tribunal. En calquera momento o tribunal poderán requirir aos/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

6.3. O primeiro exercicio da fase de oposición realízase a partir da segunda quincena de febreiro de 2010; o lugar, a data e a hora de realización publicarase xunto coa relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos exercicios será efectuada polo tribunal nos lugares onde se realíza o anterior, no taboleiro de anuncios da Xerencia e no enderezo electrónico indicado na base 9.1, con 48 horas de antelación, polo menos, á data sinalada para a súa iniciación. O proceso selectivo deberá estar concluído antes do 30 de setembro de 2010.

6.4. De establecerse máis dun sistema de acceso, os exercicios serán comúns e realizaranse de xeito simultáneo. Tras a súa realización, os/as aspirantes poderán levar os cuestionarios e, nas probas tipo test, o tribunal publicará as respostas correctas no lugar onde se tivesen realizado, así como no enderezo electrónico indicado na base 9.1.

6.5. Con carácter previo á realización dos exercicios da fase de oposición, os/as aspirantes de nacionalidade estranxeira, agás os/as nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español, deberán acreditar o coñecemento do castelán, ben mediante a presentación dos diplomas e certificacións relacionadas na base 3.6.c), ben mediante a superación dunha proba que se axustará ao disposto no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro. A proba cualificarase

como apto ou non apto, sendo necesario obter a cualificación de apto para poder pasar á fase de oposición.

6.6. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tiver coñecemento de que algún/ha dos/as aspirantes carece dos requisitos exixidos nesta convocatoria, logo da audiencia ao/á interesado/a, deberá propoñer a súa exclusión ao/á reitor/a da Universidade de Vigo, comunicándolle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude para os efectos procedentes.

Séptima.-*Relación de aprobados/as.*

7.1. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública nos lugares da súa realización, no taboleiro de anuncios da Xerencia e na páxina electrónica, a relación de aspirantes que os superasen, con indicación da puntuación obtida e do nome.

7.2. Os/as aspirantes disporán de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á realización de cada exercicio, para presentaren reclamacións. Disporán de idéntico prazo para reclamaren contra as puntuacións da fase de concurso, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

7.3. Finalizada a fase de oposición, e para os/as aspirantes que a superen, o tribunal fará públicos os puntos obtidos na fase de concurso, que en ningún caso poderán sumarse para os efectos de superar os exercicios da oposición.

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso. Os empates resolveranse consonte os seguintes criterios: terá preferencia o/a candidato/a con maior puntuación no conxunto da fase de oposición; a seguir, o/a que obteña a maior puntuación no segundo exercicio da fase de oposición, no primeiro, no terceiro -de ser o caso-, no conxunto da fase de concurso, e en cada unha das súas epígrafes na orde en que se relacionen; finalmente, resolverase por sorteo entre os/as aspirantes igualados/as.

O tribunal fará pública para cada sistema de acceso a listaxe de aspirantes que, segundo a orde de puntuación acadada por cada un deles, fosen seleccionados/as, que en ningún caso poderá conter un número de candidatos/as superior ao das prazas convocadas. Non obstante o anterior, co obxectivo de asegurar a cobertura das prazas convocadas no caso de renuncias ou no suposto previsto na base 8.3, o órgano que convoca poderá requirirlle ao órgano de selección unha relación cos candidatos que sigan os propostos.

7.4. Finalizado o proceso selectivo, o/a presidente/a do tribunal elevará ao/a reitor/a a relación definitiva de aspirantes aprobados/as segundo o respectivo sistema de acceso e por orde de puntuación, en que constarán as cualificacións da fase de concurso,

se é o caso, e de cada un dos exercicios da fase de oposición e a suma total.

7.5. Coa finalidade de configurar a correspondente listaxe de espera, unha vez finalizado o proceso selectivo e para os/as candidatos/as que así o indicasen na súa solicitude de participación, o tribunal valorará os méritos da fase de concurso de todos os/as aspirantes que superasen, polo menos, un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición, elaborando e remitindo á Xerencia unha relación con todos eles/as, ordenados/as segundo a puntuación final obtida da suma de ambas as fases.

7.6. A elección de destinos realizarase considerando o pedimento dos/as aspirantes e a súa orde na proposta de adxudicación, tendo preferencia, en todo caso, os/as candidatos/as polo sistema de promoción interna.

Oitava.-Presentación de documentos.

8.1. No prazo de 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que se faga pública a relación definitiva de candidatos/as que superaron o proceso selectivo, estes/as deberán presentar no rexistro xeral da Universidade de Vigo os seguintes documentos:

a) Fotocopia do título académico; no caso de titulación estranxeira, presentarase credencial da súa homologación, de non tela presentado anteriormente.

b) Declaración xurada ou promesa de non estar separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estaren sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública. Poderase utilizar o modelo que figura no anexo IV.

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que imposibilite o desempeño das correspondentes funcións.

8.2. Os/as que tivesen a condición de persoal laboral fixo da Universidade de Vigo so deberán presentar os documentos enumerados nas alíneas a) e c) da epígrafe anterior.

8.3. Os/as que dentro do prazo fixado, agás caso de forza maior debidamente xustificado, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducir que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 2, non poderán ser contratados/as, como consecuencia do proceso, como persoal laboral fixo da Universidade de Vigo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivesen incorrido por falsidade na solicitude inicial, formulándose proposta en prol do/a candidato/a

seguinte na orde de prelación, sempre que tiver superado a fase de oposición.

8.4. Os/as aspirantes seleccionados/as deberán superar satisfactoriamente un período de proba de 1 mes, de conformidade co previsto no II Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo e no Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo (BOE do 29 de marzo), polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

Novena.-Norma derradeira.

9.1. Con independencia dos lugares en que regulamentariamente deban publicarse, tanto a convocatoria como os actos e acordos que integren este proceso selectivo publicaranse na páxina electrónica do Servizo de PAS da Universidade de Vigo: <http://www.uvigo.es/servicios/pas/index.gl.htm> > Emprego > Convocatorias xerais. Telefonicamente poderá obterse información e realizar consultas a través do Negociado de Selección e Provisión (986 81 37 62).

9.2. De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), os datos indicados na solicitude pasarán a formar parte do ficheiro de persoal, modificado mediante a Resolución do 9 de febreiro de 2009 (DOG do 6 e 12 de marzo), que ten por finalidade a xestión do persoal da Universidade de Vigo. O ficheiro está baixo a responsabilidade da Xerencia. Coa súa participación neste proceso selectivo as persoas interesadas autorizan a Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste procedemento de concorrencia competitiva. Así mesmo, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, en cumprimento do que establece a LOPD ante a Secretaría Xeral da Universidade de Vigo (Campus das Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo).

9.3. Esta convocatoria e as súas bases vinculan a Administración, o tribunal encargado de xulgar as probas e aos/ás que participen nelas.

A convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ademais, a Universidade de Vigo poderá, se é o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal consonte o previsto na devandita lei.

Vigo, 24 de novembro de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO I**Exercicios e valoración****A) Fase de oposición:**

A fase de oposición estará constituída polos seguintes exercicios:

Primeiro.-Consistirá na realización por escrito dun cuestionario tipo test, constituído por 80 preguntas e con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta, baseado na primeira parte do programa. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O tribunal incluírá 5 preguntas de reserva. O tempo máximo de realización será de 100 minutos. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Segundo.-Tratarase dun exercicio práctico consistente ben en desenvolver por escrito un ou varios supostos prácticos ou ben en responder un cuestionario tipo test, no cal as respostas incorrectas non descontarán, baseado na primeira parte do programa. O tempo máximo de realización será de 120 minutos. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Terceiro.-Só para os/as candidatos/as que participen polo sistema de acceso xeral libre; os exercicios terá carácter obrigatorio e non eliminatorio e consistirá en:

a) Realizar por escrito un cuestionario tipo test sobre a lingua galega, constituído por 20 preguntas con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

b) Realizar por escrito un cuestionario tipo test sobre a segunda parte do programa, constituído por 25 preguntas con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O tempo máximo de realización será de 30 minutos.

Cualificación dos exercicios.**a) Promoción interna:**

1º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 30 puntos, sendo necesario obter 15 puntos para superalo.

2º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 45 puntos, sendo necesario obter 22,5 puntos para superalo.

b) Acceso xeral libre:

1º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 30 puntos, sendo necesario obter 15 puntos para superalo.

2º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 45 puntos, sendo necesario obter 22,5 puntos para superalo.

3º exercicio.-Cualificarase cun máximo de 10 puntos, distribuídos como segue:

a) Galego: cualificarase cun máximo de 4 puntos.

b) Segunda parte do temario: cualificarase cun máximo de 6 puntos.

B) Fase de concurso:**I. Promoción interna.**

1. Antigüidade na Universidade de Vigo: ata un máximo de 8,82 puntos, a razón de 0,092 por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados en calquera categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción.

2. Formación: ata un máximo de 4,41 puntos. Valorarase a formación relacionada coa categoría da praza, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao exixido pola convocatoria ou afíns.

Duración	Puntuación
De 30 horas a 99 horas	1 punto
De 100 horas a 249 horas	2 puntos
De 250 horas a 499 horas	3 puntos
Igual ou superior a 500 horas	4 puntos

Os cursos cunha duración menor de 30 horas non se tomarán en consideración a non ser que a suma deles sexa igual ou superior a 30 horas, recibindo polo conxunto un máximo de 1 punto.

Considerarase que a formación está directamente relacionada coa categoría se o seu contido se refire directamente aos temas que configuran o programa (anexo II). Esta mesma consideración recibirán os cursos de galego.

II. Acceso libre.

1. Experiencia: ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,147 por mes completo traballado. Valoraranse os servizos prestados na Universidade de Vigo na mesma categoría de persoal laboral incluída na clasificación do II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, ou categorías extinguidas por transformación e/ou promoción.

2. Formación: ata un máximo de 5 puntos. Valorarase na mesma forma establecida para os candidatos por promoción interna.

ANEXO II**Programa****Primera parte.****Bloque I. Administración electrónica.**

1. A sociedade da información. Lexislación sobre sociedade da información e sinatura electrónica. O DNI electrónico.

2. A protección de datos persoais. A Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter per-

soal e a normativa de desenvolvemento. A Axencia de Protección de Datos: competencias e funcións.

3. A Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. A xestión electrónica dos procedementos administrativos: rexistros, notificacións e uso de medios electrónicos.

Bloque II. Tecnoloxía básica e sistemas.

1. Informática básica. Conceptos de datos e información. Concepto de sistema de información. Elementos constitutivos dun sistema. Características e funcións. Arquitectura de ordenadores. Elementos básicos. Funcións. A unidade central de proceso. A memoria principal.

2. Periféricos. Conectividade. Elementos de impresión. Elementos de almacenamento. Elementos de visualización e dixitalización.

3. Estructuras de datos. Organizacións de ficheiros. Algoritmos. Formatos de información e ficheiros.

4. Sistemas operativos. Características e elementos constitutivos. Sistemas Windows. Sistemas Unix e Linux. Permisos, políticas e directivas de seguraza. Copias de seguraza.

5. Funcións básicas de administración do sistema operativo. Administración de recursos. Administración de arquivos. Administración de tarefas. Scripts de administración. Control de cambios dos programas dunha instalación.

6. Funciones básicas de administración de bases de datos. Monitorización do xestor de B.D. Backup e recuperación de bases de datos. Creación de consultas, vistas e formularios.

Bloque III. Desenvolvemento de sistemas.

1. Modelo conceptual de datos. Entidades, atributos e relacións. Regras de modelización. Diagramas de fluxo de datos. Regras de construción. Descomposición en niveis. Fluxogramas.

2. Deseño de bases de datos. Deseño conceptual, lóxico e físico. Modelo entidade-relación. Modelo lóxico relacional. Normalización.

3. Linguaxes de programación. Representación de tipos de datos. Operadores. Estructuras de control. Procedementos, funcións e parámetros, recursividade. Vectores e rexistros. Estructura dun programa. Características, elementos e funcións en contornos C.

4. Deseño e programación orientada a obxectos. Elementos: clases, herdanza, polimorfismo, encapsulación, métodos. Características, elementos e funcións en contornos Java, C++ e .net.

5. Linguaxes de manipulación de bases de datos. Estándar ANSI SQL.

6. Arquitectura cliente/servidor. Modelo de 2 capas. Modelo de 3 capas. Componentes e operación. Arquitecturas de servizos web (WS).

7. Aplicacións Web. Linguaxes e tecnoloxías de programación. JavaScript, servlets, servizos web, HTML, XML, CSS. Arquitecturas MVC. Xeración dinámica de contidos. Tecnoloxías asociadas. JSP, PHP, ASP.

Bloque IV. Comunicaci3ns.

1. Administración de redes de área local. Xestión de usuarios. Xestión de dispositivos.

2. Comunicaci3ns. Medios de transmisión. Modos de comunicación. Equipamentos terminais e equipamentos de interconexión e conmutación. Switches e routers.

3. Sistemas de comunicación. Ethernet, RDSI, xDSL. Sistemas inalámbricos.

4. Sistemas de cableado estruturado. Infraestruturas de comunicaci3ns. Infraestrutura física de un CPD: acondicionamiento e equipamento.

5. O modelo de referencia de interconexión de sistemas abertos (OSI) de ISO. Protocolos TCP/IP.

6. Internet. Orixe, evolución e estado actual. Servizos: correo electrónico, WWW, FTP, ssh, etc. Protocolos: HTTP, HTTPS, SSL, etc.

7. Seguraza e protección en redes de comunicaci3ns. Sistemas de tornalumes. Redes privadas virtuais (VPN). Seguraza física. Seguraza lóxica. Ameazas e vulnerabilidades.

8. Sistemas telefónicos, arquitectura e tecnoloxía das redes telefónicas privadas e públicas. Protocolos de sinalización utilizados nas redes telefónicas. Comunicaci3n m3viles, sistemas dixitais GSM, GPRS, 3G, etc. Sistemas de comunicaci3ns por multiplexaci3n no tempo (TDM), sistemas de transmisión e xerarquías dixitais. Sistemas de comunicaci3n baseados en redes de datos, voz sobre IP (VoIP).

Bloque V. Atención a usuarios e ofimática.

1. Sistemas de xestión de incidencias. Control remoto de postos de usuario.

2. Produtos e utilidades de correo electrónico.

3. Navegadores e ferramentas de edición de páxinas web.

4. Confidencialidade e dispoñibilidade da información en postos de usuario final.

5. Seguraza no posto de usuario: antivirus, firewall e control de spams.

6. Administración de dispositivos periféricos: impresoras, escáner, lectores de códigos de barras, lectores de tarxeta.

7. Procesadores de texto, funcionalidades e características.

8. Follas de cálculo, funcionalidades e características.

9. Bases de datos de paquetes ofimáticos: funcionalidades e características.

Segunda parte.

1. A Constitución Española de 1978: estrutura e contido. Dereitos e deberes fundamentais.

2. O Estatuto básico do empregado público: obxecto e ámbito de aplicación. Clases de persoal e persoal laboral. Dereitos e deberes.

3. O II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo: organización do traballo e clasificación. Provisión de postos. Xornada de traballo e retribucións. Réxime disciplinario: faltas e sancións.

4. A Lei orgánica de universidades: título preliminar. Funcións. Título X: Persoal de administración e servizos.

5. Os estatutos da Universidade de Vigo: estrutura da universidade. Órganos: disposicións xerais e tipos. A comunidade universitaria: disposicións xerais, persoal docente e investigador, estudantes e persoal de administración e servizos.

6. A Lei de prevención de riscos laborais: dereitos e obrigas.

ANEXO III

Declaración xurada/promesa

Don/a
con DNI/NIE/pasaporte
e nacionalidade

Declara baixo xuramento ou promete, para os efectos de exención de taxas, non percibir rentas superiores en cómputo mensual ao salario mínimo interprofesional

....., de de 20 ...
(localidade) (día) (mes) (ano)

ANEXO IV

Declaración xurada/promesa

Don/a
con DNI/NIE/pasaporte e
nacionalidade

Declara baixo xuramento ou promete, para os efectos de ser contratado pola Universidade de Vigo,

(Cidadáns/ás españois/españolas) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas

(Cidadáns/ás estranxeiros/as) Non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública

....., de de 20
(localidade) (día) (mes) (ano)

Resolución do 24 de novembro de 2009 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de dúas prazas de técnico/a especialista de servizos xerais.

De acordo co disposto na Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG do 5 de agosto) pola que se aprobou a oferta pública de emprego para o ano 2009, coa finalidade de atender as necesidades de persoal de administración e servizos desta universidade, logo de negociación cos comités de empresa do persoal laboral de administración e servizos de Ourense e Pontevedra, consonte o previsto no II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo (DOG do 7 de xullo de 2007).

Esta reitoría, en uso das competencias que lle están atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e polos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (DOG do 5 de decembro) do Goberno da Xunta de Galicia, resolve convocar probas selectivas polo sistema de concurso-oposición para cubrir dúas prazas vacantes no seu cadro de persoal consonte as seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-*Normas xerais.*

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir mediante contrato en réxime laboral de natureza fixa, dúas prazas de técnico/a especialista de servizos xerais, do grupo III, para ser cubertas polo sistema de promoción interna.

1.2. O procedemento de selección será o de concurso-oposición e constará das fases, probas e cualificacións que se especifican no anexo I.

1.3. O programa que rexerá as probas da fase de oposición é o que se relaciona no anexo II.

1.4. As presentes probas selectivas axustaranse ao disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades; nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro, do Consello da Xunta de Galicia; no II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo; na Resolución do 31 de marzo de 2009 (DOG do 7 de abril) pola que se publica o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo; na Resolución do 31 de marzo de 2009 (DOG do 7 de abril) pola que se publica o acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos desta universidade derivados dos procesos de provisión e selección; no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aprobou o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado; no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aprobou o